



Área / Unidad COMERCIO VLGA	Documento 51015I1X62	
<i>Código de verificación</i>  4Q1B 4Q61 4C6M 3A4W 02V5	<i>Expediente</i> 510/2021/29	
	<i>Fecha</i> 21-12-2021	

Asunto

ACTA MESA LOCAL DE COMERCIO 20.12.2021

No Salón Dourado do Excmo. Concello da Coruña, as 9:30 horas do luns, 20 de decembro do 2021, a Mesa Local de Comercio celebrou sesión ordinaria en 1ª convocatoria, cos seguintes puntos na Orde do Día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última reunión de data 18 de febreiro de 2020.
2. Valoración dos proxectos presentados polas distintas asociacións de comerciantes e asociacións dos mercados municipais, solicitantes de subvencións ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2021 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galicia:
 - Asociación en Defensa do Mercado de Abastos de Elviña
 - Asociación Distrito Mallos
 - Asociación Gran Área Comercial Obelisco
 - Asociación Comerciantes e Empresarios do Mercado das Conchiñas
3. Plan de dinamización comercial de 2021-2022
4. Rogos e preguntas.

Asistentes

Representantes	Entidade
Disculpa asistencia	Asociación Gran Área Comercial Obelisco
Disculpa asistencia	Centro Comercial Urbano Agra Barcelona
Disculpa asistencia	Asociación en Defensa Mercado de Elviña
José Salgado Sánchez Elena Cerejido Blasco	Asociación Comercial Distrito Mallos
Leonardo Tomé Fernando Varela Coteló	Asociación Comerciantes Mercado Elviña
Ángela María Barrán Caridad	Asociación de Vendedores Mercado de San Agustín
Pedro Dafonte Deive	Asociación de Profesionais do Mercado Eusebio da Garda



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

Jose Luis Boado López	Federación Unión de Comercios Coruñesa (FUCC)
------------------------------	---

Rosa Otero Raña María Dolores Moreira Souto	Asociación Provincial de Amas de Casa, consumidores, y usuarios da Coruña.
--	--

Representación municipal

Diana Sobral Cabanas	Presidenta da Mesa Local de Comercio Concelleira de Comercio, Mercados, Consumo e Barrios
-----------------------------	--

Jesús Javier Celemín Santos	Concelleiro de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego
------------------------------------	--

Juan Manuel Díaz Villoslada	Concelleiro de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade
------------------------------------	---

Disculpa asistencia Esther Fontán Prado	Concelleira de Medio Ambiente e Sustentabilidade
--	--

Juan Ignacio Borrego Vázquez	Concelleiro de Relacións Institucionais, Turismo e Seguridade Cidadá
-------------------------------------	--

Emilio Lesta Casal	Director da Área de Innovación, Emprego, e Comercio
---------------------------	---

Beatriz Mariño Vila	Xefa de Servizo de Emprego e Empresa
----------------------------	--------------------------------------

Maria Luisa Martinez Pujalte	Xefa do Departamento de Emprego
-------------------------------------	---------------------------------

Rubén Darío Boullón Agrafojo	Xefa de Sección de Mercados
-------------------------------------	-----------------------------

Lidia Blanco Iglesias	Técnica Superior de Consumo
------------------------------	-----------------------------

Representante da Administración Autonómica:

Isidoro Martínez Arca	Delegado territorial da Xunta de Galicia na Coruña
------------------------------	--

Potestativo

Miguel Agromayor Vázquez	Federación de Entidades Empresariais do Comercio da Provincial da Coruña.
---------------------------------	---

Disculpa asistencia Antonio Couceiro Méndez	Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña
--	--

Secretaria Belén Lucía Gil Alvariño	Xefa do departamento de promoción económica e comercio
--	--



A mesa considerase válidamente constituída en primeira convocatoria conforme o disposto no artigo 9 do Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais do comercio.

Inicia a sesión Concelleira de Turismo, Comercio e Mercados e Presidenta da Mesa, que dá a benvida e agradece aos presentes a súa asistencia, iniciándose a lectura dos asuntos incluídos na Orde do Día.

1. Léese e aprobase, por unanimidade, a acta da última reunión de data 18 de febreiro de 2020.
2. Procedese á valoración dos proxectos presentados:

- a. O representante da Asociación Comerciantes Mercado Elviña expón os motivos polos que entende que non se deben aprobar as accións presentadas pola Asociación en Defensa do Mercado de Elviña ante ausencia dos representantes desta asociación. Recordará a existencia do manual de mercados para rebater a necesidade dunha nova uniformidade, distinta á xa existente para todos os mercados, e dunha marca diferenciadora para algúns dos comerciantes do mercado.

Vótase a proposta que resulta denegada cas únicas abstencións do representante da Consellaría e da representante da Asociación das Amas de Casa.

- b. O representante da Asociación Comercial Distrito Mallos pasa a defender o seu proxecto que resulta aprobado por unanimidade.
 - c. Ante a ausencia de representantes da Área Comercial Obelisco expón o proxecto o Director da Área de Innovación, Emprego, Turismo e Comercio aprobándose a proposta por unanimidade.
 - d. Ante a ausencia de representantes que defendan a proposta para o Mercado das Conchiñas expón o proxecto o Director da Área de Innovación, Emprego, Turismo e Comercio e, sendo similares ás accións do proxecto presentado para o Mercado de Elviña, vótase a proposta que resulta denegada cas únicas abstencións do representante da Consellaría e da representante da Asociación das Amas de Casa.
3. O Director da Área de Innovación, Emprego e Comercio pasa a presentar o Plan de Dinamización comercial da Coruña 2021-2022 que persigue derivar a actividade comercial aos distintos barrios, poñendo a disposición do pequeno e mediano comercio da cidade, ferramentas para posicionarse no competitivo mercado actual, e a situación da proposta de accións dos anos 2021-2022. Pasa a expoñer as accións do Plan facendo un repaso de cada unha das accións de dinamización comercial desenvolvidas polo concello (programa de tendas a examen, mercado ecolóxico e de proximidade, accións do Samaín, campañas de Nadal, etc.); do convenio de colaboración entre o Concello e a FUCC para o fortalecemento da entidade e do desenvolvemento por parte das asociacións de comerciantes da cidade de actividades de dinamización do comercio nos seus barrios por un valor de 6.000,00 euros ampliable, , estean ou non afiliadas a FUCC. Por outra banda comentase tamén as accións do Plan de Reactivación Económica e Social do Concello da Coruña (PRESCO) poñendo en valor a inversión feita polo Concello en axudas a pequenas empresas, autónomos, pequeno comercio, etc., e a posta en marcha nos anos de pandemia dos bonos Presco. A cantidade investida polo Concello ascende, no período comentado a uns 15.000.000,00 de euros.

Xuntase como anexo a esta acta o documento presentado no día da celebración da Mesa Local de Comercio, denominado "*Plan de dinamización comercial da Coruña 2021-2022*".

4. A continuación pásase ao punto de rogos e preguntas no que se plantexan as seguintes cuestións:



- a. O representante da Federación de Entidades Empresariales do Comercio da Provincia da Coruña. Solicita que o concello axilice os trámites da concesión de licencias para a conversión de baixos comerciais en vivendas, ante a caída da demanda para uso comercial e a sensación de desleixo que provocan os baixos baleiros. O Concelleiro de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade contesta que as licencias están axilizándose o máis posible pero que na súa concesión hai que ter en conta os requisitos de habitabilidade que veñen impostos pola normativa da Comunidade Autónoma.
- b. A representante da Asociación de Vendedores Mercado de San Agustín expón que dende a modificación das liñas de bus e a peatonalización de San Andrés algúns usuarios ven dificultado o seu acceso ao mercado ao negarse algúns taxis a achegarse ás instalacións. O Concelleiro de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade contesta que a última modificación das liñas de autobús xa tivo en conta esta circunstancia ao levar o xiro cara o Paseo Marítimo ata o final de San Andrés onde se habilitou unha parada, en canto aos taxis recorda que, coma transporte público, poden achegarse sen problemas e comprométese a poñerse en contacto cas asociacións do sector (radio taxi y tele taxi) para lembrarllo.
- c. O representante da FUCC propón a posta en marcha de mercados urbanos co comercio de proximidade, un plan para o pequeno comercio que aproveite as marquesiñas de autobús sinalando no mapa os establecementos deste tipo máis cercanos a ese punto. Asemade propón que as luces do Nadal se consensuen cos comercios, lembrando que nas súas orixes eran financiadas por estes. A Presidenta da Mesa Local de Comercio Concelleira de Comercio, Mercados, Consumo e Barrios expón que xa se está a traballar na organización de mercadillos con comercio de proximidade para dar resposta a esta demanda.
- d. O representante dos comerciantes do mercado de Eusebio da Garda pon de manifesto a inseguridade que se sente no mercado e propón a posibilidade de que a policía local reforce a vixilancia nestas zonas. A representante da Asociación de Vendedores Mercado de San Agustín lembra que, ata non hai moito, policías en segunda actividade realizaban estas funcións. O Concelleiro de Relacións Institucionais, Turismo e Seguridade Cidadá expón que se está a traballar en coordinación cos Corpos e forzas de Seguridade do Estado no protocolo de policía de rúa que cubriría esta necesidade. Asemade lembra que está en contacto cas asociacións de veciños reuníndose con eles para coñecer de preto as súas demandas e necesidades.
- e. O representante da Asociación Comercial Distrito Mallos pide que non se xere alarma que poida alonxar á cidadanía de determinados barrios, co conseguinte prexuício que isto lle pode causar ao pequeno comercio, facilitando datos reais sobre os delitos cometidos e evitando o sensacionalismo de determinados medios. O Concelleiro de Relacións Institucionais, Turismo e Seguridade Cidadá lembra tamén que hai que evitar a estigmatización de determinados colectivos e incluso persoas, pedindo que se presenten denuncias reais no canto de facelo nos medios de comunicación. O Concelleiro de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Mobilidade insiste na necesidade de transmitir unha mensaxe de confianza e antialarmismo.
- f. O representante da Federación Unión de Comercios Coruñesa pon en coñecemento dos asistentes a existencia de un cartel disuasorio co logo da policía e o texto: este establecemento denunciará tódolos roubos cometidos nel.

Sen máis temas que tratar, as 11:30 dáse por terminada a sesión agradecendo a Presidenta da Mesa Local de Comercio Concelleira Comercio, Mercados, Consumo e Barrios a súa presenza a tódolos asistentes.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

A Coruña, na data da sinatura do documento electrónico

A secretaria

Vº e prace da presidenta



Plan de dinamización comercial da Coruña 2021-2022

1. Tendas a exame 2021-2022

Destinatarios	Pequeno e mediano comercio de barrio de cada zona
Servizos	Consultoría en marketing, escaparatismo, economía-fiscalidade, subvencións, compras/loxística, e innovación.
Número de Comercios	90
Duración de cada edición	5 meses
Importe	84.828,00 €, para 3 edicións
Situación	En vigor o contrato actual ata febreiro de 2022

Zona	Datas
Cuatro Caminos-Gaiteira	Setembro 2020 a febreiro de 2021
Labañou-Rosales-Riazor	Febreiro 2021 a xullo de 2021
Castrillón-Oza	Setembro 2021 a febreiro de 2022

2. Mercado ecolóxico e de proximidade

Destinatarios	Pequeno e mediano comercio de barrio no termo municipal
Número de mercados	2 por mes
Localización dos mercados	1º e 3º domingo de cada mes: Campo da Leña
Importe	82.308,00 €, todo o período
Situación	En vigor o contrato actual ata febreiro de 2023

Experiencia de ECO-RUÑA, mercado ecolóxico na Praza da Tolerancia en novembro de 2021 con idea de ampliálo no ano 2022 a dúas zonas máis da cidade. Previsión para o 2022 son **80.000,00 euros**.

3. Samaín

Destinatarios	Pequeno e mediano comercio de barrio no termo municipal e centros educativos
Accións previstas	Obradoiros de disfraces. Pasarrúas truco ou trato con nenos e nenas. Concurso de escaparatismo. Vales de compra por votación no concurso. Talleres infantís e pasarrúas terroríficos.
Importe	125.778 €, todo o período
Situación	En vigor o contrato actual ata novembro de 2022

4. Campaña de Nadal 2021-2022

Destinatarios	Pequeno e mediano comercio de barrio no termo municipal
Accións previstas	Concurso escaparatismo. Vales de compra por votación no concurso. Visitas de Papa Noel e Paxes Reais por 20 zonas comercias e Pasarrúas de panxoliñas.
Importe	164.013 €, todo o período
Situación	En vigor o contrato actual ata Nadal 2022-23



5. Digitalización comercio

Características
Aplicacións o solucións dixitais que sirvan de soporte á dixitalización do comercio local.
Procura de produtos a través de diferentes opcións (por tipo, por modelo, por marcas, por promocións, etc).
Posibilidade de promocións.
Relación de comercios adheridos (datos de contacto, localización, etc)

6. Convenio de colaboración FUCC de dinamización comercial

Destinatarios	Pequeno e mediano comercio de barrio de todo o termo municipal
Servizos	Dinamización comercial de barrios en función da programación de cada asociación de comerciantes. Gastos da estrutura da Federación.
Cuantía por actividade	Máximo 6.000,00 euros ampliable.
Importe previsto	170.000,00 €
Data prevista	Todo o exercicio
Situación	Asinado en 2021. Previsión continuidade 2022

Relación de actividades desenvolvidas ó amparo do convenio coa FUCC

1. Agrupación de veciños e comerciantes de Monte Alto. ***Calloween 2021***
2. Área Comercial Distrito Picasso. ***Libro de E. Pardo Bazán "Nuevos Cuentos de Marineda"***
3. Asociación Zona Comercial Obelisco. ***"Tarde branca no Obelisco"***
4. Asociación de comerciantes do Castrillón, Eirís e Monelos - ACOCEM ***"Encendido de luces. Campanadas Praza Pablo Iglesias (Photo call e uvas)"***
5. Asociación de comerciantes Boulevard de Elviña. ***"O comercio Xira"***
6. Asociación Empresarios de Agrela. ***"Campaña de publicidade do barrio comercial de Agrela"***
7. Distrito Mallos Centro Comercial Urbano. ***"Campaña dinamización comercial Nadal 2021"***
8. Asociación de Veciños e Comerciantes "Amigos de Los Rosales". ***"O Magosto do comercio"***
9. Asociación de comerciantes Distrito Oza. ***"Comprando en Oza.....varias campañas"***
10. Asociación de empresarios e comerciantes de Matogrande. ***"Día Grande de Matogrande"***
11. Asociación de veciños e comerciantes La Falperra. ***"Dinamización do comercio do barrio"***



12. Federación Unión de Comercios Coruñesa (FUCC). “Dinamización do comercio da cidade”

Bola xigante con premios (Superthings)”. “Campaña publicitaria”

7. Línea 26 EDUSI. Equipamento para feiras e venta ambulante.

Características
Liña 26 da “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado
Adquisición por parte do Concello de diverso equipamento: carpas, casetas, equipo sonido, etc.
Este equipamento facilitará a realización de mercados non permanentes nas diferentes zonas comerciais da cidade e facilitará as actividades de rua demandadas polas asociacións de comercio dos barrios.
Pendente de adxudicación. Precio de licitación 335.000,00 euros

Inversión en actuacións de dinamización comercial

ACTUACIÓN	CUANTÍA
Tendas a exame 2021-2022	84.828,00
Mercado ecolóxico e de proximidade	82.308,00
ECO-RUÑA. Ampliación Mercado Ecolóxico	80.000,00
Samaín	125.778,00
Campaña de Nadal 2021-2022	164.013,00
APP de comercio. Market place	50.000,00
Convenio FUCC dinamización comercial	170.000,00
Liña 26 da “Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado	335.000,00
Total dinamización comercial	1.091.927,00

Axudas do Plan de Reactivación Económica e Social do Concello da Coruña (PRESCO) para o comercio:

CONCEPTO	2020	2021	TOTAL
SUBVENCIONS			
Concello	6.235.000,00	4.250.000,00	
Deputación	1.200.000,00		
TOTAL	7.435.000,00	4.250.000,00	11.685.000,00
BONOS PRESCO	1.300.000,00	985.000,00	2.285.000,00
TOTAL SUBVENCIONS + BONOS PRESCO 2020-2021			13.970.000,00

Cadro resumen



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ACTUACIÓN	CUANTÍA
Dinamización comercial	1.091.927,00
Plan de Reactivación Económica e Social. PRESCO	13.970.000,00
Total dinamización comercial + PRESCO	15.061.927,00